

ÓPERA OUTONO LÍRICO 2015

CAVALLERIA

RUSTICANA

&

PAGLIACCI

[MASCAGNI/LEONCAVALLO]

20 DE DICIEMBRE
19:30H

TEATRO AFUNDACIÓN



Amigos
de la Ópera
de Vigo

Por fin. SANTOS está en Vigo.
Ahora hablemos de la cocina.



Aprovechate del Cheque Regalo de la Promoción de Inauguración

SANTOS
Estudio **Vigo**

C/ Colón, 27. 986 11 85 21



Amigos
de la Ópera
de Vigo

Presenta:

CAVALLERIA

RUSTICANA

&

PAGLIACCI

[MASCAGNI/LEONCAVALLO]





Amigos
de la Ópera
de Vigo

OUTONO LÍRICO 2015

ORGANIZA: AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO

Xunta Directiva

Presidente: Pedro Pablo Gutiérrez González.

Vicepresidente: Daniel Diz Portela.

Secretaria: Isabel Ávila Terzi.

Tesoureiro: José Grobas Montenegro.

Vogais:

Emilia Díaz Fernández.

Marina Inés Linares Cuerpo.

Daniel Álvarez Vázquez.

PATROCINAN:

CONCELLO DE VIGO

ABANCA

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA

COLABORAN:

AFUNDACIÓN

UNIVERSIDADE DE VIGO

MECENADO:

SANTOS ESTUDIO VIGO

GADIS

Imaxe creativa e publicidade: IdeasPropias Publicidad S.L.

Dirección artística: Daniel Diz Portela

Mais Información: www.amigosoperavigo.com



ÓPERA OUTONO LÍRICO

2015



Amigos
de la Ópera
de Vigo

GRAZAS POLO VOSO APOIO E COLABORACIÓN

Patrocinadores

CONCELLO
DE VIGO



//ABANCA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra

Mecenas


SANTOS
EstudioVigo

GADIS

Colaboradores

//Afundación

Universidade de Vigo



Ficha Artística

CAVALLERIA RUSTICANA

Pietro Mascagni

Libreto de Giovanni Targioni-Tozzetti e Guido Menasci. Baseado nun relato de Giovanni Verga

Santuzza: Maria Luisa Corbacho

Alfio: Rodrigo Esteves

Turiddu: Javier Palacios

Mamma Lucia: Milagros Martín

Lola: Virginia Wagner

PAGLIACCI

Ruggero Leoncavallo. Música e libreto

Nedda (Colombina): Virginia Wagner

Silvio/Prólogo: Borja Quiza

Canio (Pagliaccio): Eduardo Sandoval

Beppe (Arlecchino): Javier Agulló

Tonio (Tadeo): Rodrigo Esteves

ORQUESTA SINFÓNICA VIGO 430

CORO UNIVERSITARIO DE VIGO (Directora: Nuria Lorenzo)

DIRECCIÓN MUSICAL

Jorge Rubio

DISTRIBUCIÓN E PRODUCCIÓN

Carmen Quintana

DIRECCIÓN DE ESCENA

Marco Carniti

MAQUILLAXE E PEITEADOS

Julia Branco, Esther Conde

AXDTE. DE DIRECCIÓN

Adamo Lorenzetti

VESTIARIO

Sastrería Cornejo

ILUMINADOR

Felipe Ramos

ESCENOGRAFÍA

Producing Emotions

ESCENOGRAFÍA

Verónica Diez/Celia Meda

ATREZZO

Hijos de Jesús Mateos

REXEDOR

José Luís Moreira

EDITORES E PROPIETARIOS

Casa Musicale Sonzogno di Piero Ostali, Milano

XEFE TÉCNICO

Francisco Hernández

COLABORACIÓN

Escola de Imaxe e Son de Vigo (EiSV)

XASTRERÍA

Alfredo Martínez (Sastrería Cornejo)

COPRODUCCIÓN

Amigos da Ópera de Vigo/Teatro Cervantes de Málaga

XEFE TÉCNICO

Miguel Ferrera

Un espectáculo de

producing
EMOTIONS

PIANISTA REPETIDOR

Carlos E. Pérez

PRODUCCIÓN EXECUTIVA

Jorge Rubio Quintana

Duración aproximada: 2 h 50': Cavalleria Rusticana: 75' - Pausa: 20' - Pagliacci: 75'



CAVALLERIA RUSTICANA

SINOPSE

A acción desenvólvese nunha vila de Sicilia no día de Pascua, a finais do século XIX.

Turiddu, un mozo aldeán, canta unha serenata ao seu antigo amor Lola, que se atopa casada co home máis rico da aldea, o carreteiro Alfio.

Os aldeáns entran na vila, é pola mañá e repican as campás.

Santuzza ve saír a Mamma Lucia da súa taberna, e pregúntalle polo seu fillo Turiddu. Esta dille que viaxou a Francofonte a comprar viño, pero Santuzza insiste en que o viu na aldea, Chega de súpeto Alfio e pídelles viño a Mamma Lucia pero esta dille que o seu fillo foi comprar e que non regresou, pero Alfio dille que viu a Turiddu preto da súa casa esa mesma mañá.

Prodúcese a procesión de Pascua de Resurrección e toda a xente da vila canta o himno de Pascua "Regina Coeli Laetare" no cal Santuzza, que está excomungada, e o coro mesturan as súas voces coas súas pregarias.

Mentres todos entran na igrexa, quedan fóra Mamma Lucia e Santuzza e esta cóntalle o seu sufrimento. Turiddu, o seu fillo, antes de partir ao exército prometéralle a Lola amor e fidelidade eterna. Cando regresa do servizo militar, atópase con que Lola casou con Alfio, o home máis rico da vila, así que intenta esquecerse dese amor botándose nos brazos de Santuzza, pero non consegue esquecer o amor por Lola. Esta, pola súa banda, celosa ao velo con Santuzza sedúceo e ambos volveron ter relacións.

Mamma Lucia entra na igrexa e chega Turiddu á taberna. Santuzza dille que sabe que non foi comprar o viño e que estivo con Lola xa que ela e Alfio o viron na aldea. Santuzza suplica que non a deixe. Chega de súpeto Lola e coquetea con Turiddu diante de Santuzza, entra na igrexa deixando que discutan Turiddu e Santuzza. Ela intenta retelo e el rexéitaa e tíraa ao chan, e entra na igrexa.

Entra en escena Alfio, e Santuzza cóntalle a infidelidade de Lola. Este, enfurecido, xura vinganza

Ao saír todos da misa diríxense á taberna para brindar, sendo Turiddu o encargado de facer o brinde. Cando chega Alfio, Turiddu ofrécelle unha copa que este rexeita violentamente. Turiddu decide arroxar o viño ao chan. Ambos os homes rétanse a matar. Turiddu sabe que vai morrer e finxe que está bebido para despedirse da súa nai e solicitarlle que coide de Santuzza se a el lle pasase algo.

Prodúcese o duelo no horto e Alfio mata a Turiddu. Ao coñecer a noticia Santuzza desmaiase e Mamma Lucia desvanécese.



A acción transcorre nunha aldea de Montalto, en Calabria, o día 15 de agosto a finais do século XIX.

Aparece o prólogo para contar que a acción da ópera está inspirada en feitos reais. Este prólogo é o manifesto do verismo.

Os aldeáns danlle a benvinda á compañía teatral que chega á súa vila. Canio, o xefe da compañía ambulante, anuncia que esa mesma noite darán unha función. Os aldeáns convidanos a tomar algo na taberna, pero Tonio di que se adianten. Un aldeán insinúa que Tonio quere quedar a soas coa esposa de Canio, Nedda. Canio moléstase por esta insinuación. As campás da igrexa convocan os aldeáns ás vésperas, e a multitude dispérsase. Agora soa, Nedda inquiétase polo arranque de celos de Canio, e ao ver voar os paxaros comeza a cantar pola súa envexable liberdade. Tonio aparece e tenta bicar a Nedda, pero ela, desgustada escorréntao e burlase del. Nedda, quen aborrece a súa vida teatral e ao seu celoso marido, entrégase aos brazos do seu amor Silvio, un aldeán da vila. Tonio descobre a parella e chama a Canio, pero Silvio escapa antes de que este poida identificalo. Canio, preso dun ataque de celos, demanda saber a identidade do home, e cando Nedda rexeita dicirlle quen era, el atácaa cun coitelo. Beppe achégase para axudar a Nedda. Tonio di a Canio que é mellor esperar á función para que se descubra o amante da súa esposa. Canio, só, queda angustiado ao recoñecer a infidelidade de Nedda e comeza a saloucar. Agora, na obra, deberá interpretar a un pallaso a pesar de que ten o corazón roto.

Os aldeáns reúnen-se durante a noite para ver a presentación teatral. Por coincidencia, os personaxes da obra atópanse envolvidos nunha situación moi similar á que se deu na aldea esa mesma tarde. Arlequín (interpretado por Beppe) canta a Colombina (Nedda) fóra da súa xanela mentres o marido desta se atopa ausente. Tadeo (Tonio) entra e intenta facerlle o amor a Colombina, pero Arlequín escorréntao. O esposo de Colombina, Pallaso (interpretado por Canio), aparece inesperadamente e interrompe o seu encontro con Arlequín, quen escapa pola xanela.

De súpeto, Canio deixa de actuar e reclama a Nedda a identidade do seu amante. O público sorpréndese do real da actuación. Ela négase a nomealo, e el mátaa co seu coitelo. Desde a audiencia, Silvio apresúrase para axudar a súa amada, pero el tamén, morre en mans de Canio.

A TRÁXICA VOZ DOS CELOS

Cavalleria Rusticana e *Pagliacci* son dúas obras que levan a mesma máscara, a máscara trágica dos celos: como unha cabeza con dúas caras, como as máscaras que representan a esencia do teatro.

Os celos, dramaticamente, un tema tan antigo como moderno. Hoxe máis que nunca o drama dos celos e os malos tratos que conduce mesmo ao asasinato desgraciadamente bombardea a nosa prensa diaria, amplificado ademais pola morbilidade innecesaria dos medios de comunicación que informan ata do detalle máis extremo. Pero hoxe estamos afeitos aos extremos. Hoxe atopámonos cos extremos en todo.

Así que non hai nada máis "moderno e actual" que estes dous dramas familiares vistos baixo os ollos dun impotente coro-pobo de traxedia grega. Un mundo, un pobo, que non pode ser máis que un espectador da tolemia humana; sempre impredecible na súa violencia.

Un drama que se converte en traxedia cando o ser humano non é capaz de controlar a súa razón. A tolemia oculta nos sentimentos como no *Otello* de Shakespeare. Óperas nadas no verismo e construídas como puramente veristas que se representan absoluta e dolorosamente, como unha traxedia de Shakespeare.

Dúas obras que teñen en común o sentido do trágico. Ese sentido da traxedia que une e achega ao pobo italiano e ao español, que se fai así aínda máis comprensible e directo. As crenzas populares, os rituais relixiosos, a vestimenta tradicional, o sentido da honra...

O AMOR COMO A POSESIÓN ABSOLUTA.





O meu intento principal como director é o de atopar a verdade na construción dramática da psicoloxía dos personaxes. Devolver a obra musical á realidade, á verdade do teatro e da vida. Porque é sempre a verdade a protagonista destas dúas obras de emocións extremas.

Cavalleria Rusticana e Pagliacci son un manifesto sobre o teatro e a vida: un testemuño dos seres humanos que pasan do drama do teatro á traxedia dunha vida que flúe perigosa no fío que separa a realidade e a ficción.



Verdades ocultas que estalan como bombas inesperadas nunha escena que é como un pobo convertido en xoguete: un microcosmos suxerido por marcos lixeiros que delimitan un espazo poético e fráxil para albergar un mundo que sente forte...

PORQUE O TEATRO E A VIDA non SON A MESMA COUSA.

Marco Carniti



ÓPERA E MAFIA

Non espere o lector atopar aquí unha diatriba sobre os grupos que dominan o mundo da ópera, sobre os intereses económicos que moven os fíos, sobre o modelo de negocio que impera na lírica. Se quere ler sobre iso, diríxase aos escritos de Norman Lebrecht. Tampouco será o momento de comentar a famosa montaxe de *Rigoletto* de Jonathan Miller, no que trasladaba a acción de Mantua a Little Italy. Non. O que vai atopar aquí son unhas breves notas sobre a curiosa conexión entre a ópera e a mafia na sétima arte, no cinema.

Esta relación aparece nas dúas modalidades artísticas aristotélicas, tanto na comedia como no drama. Basta con lembrar a “Botíns” Colombo e os seus secuaces, en *Con saias e ás toas*, facéndose pasar por amigos da ópera italiana e usando precisamente *Rigoletto* como coartada para eximirse do terrible crime que crea o fío argumental da película de Billy Wilder. Noutras ocasións, a ópera non é parte da trama, senón unha presenza na banda sonora. Continuando no lixeiro, *Unha terapia perigosa* utiliza na súa banda sonora tanto “La donna è mobile” como o “M'appari de Martha”. Outro fito do crime xocoso, *Os Soprano*, é menos fecundo do que cabería esperar, pero incorpora fragmentos de *Bajazet* de Vivaldi e da *Rondine* de Puccini no seu soporte musical. E o “Intermezzo” de *Cavalleria Rusticana*, por certo.



ERWIN PANZOWSKI

Pero o lugar real da ópera en conexión coa mafia é o drama. E entón xa non entra en xogo *Rigoletto*, senón os dous títulos que os Amigos da Ópera de Vigo poñen hoxe en escena: *Cavalleria Rusticana* e *Pagliacci*.

Calquera amante do cinema sabe que *O Padriño III* non está á altura das súas dúas predecesoras. Pero no que aquí atangue, é o título perfecto. Afastándose da vida de crime organizado do seu pai, Anthony Vito Corleone decide abandonar o estudo do Dereito para dedicarse, nada menos, que a ser tenor. Obviamente, a Michael Corleone isto non lle fai ningunha graza e tenta impoñerlle ao seu fillo a mesma condición que os pais de Perico Gobbi e Alfredo Kraus lles impuxeron aos seus: acaba a carreira (Dereito e Enxeñaría Industrial, respectivamente). O díscolo *bambino* segue adiante cos seus propósitos, incitado pola súa nai, e a trama conduce ao seu debut operístico.

Non cabe andarse con contemplacións: é absolutamente inverosímil que un tenor novato vaia a ter como primeiro papel o Turiddu de *Cavalleria Rusticana* nada menos que no Teatro Massimo de Palermo. Por non mencionar o feito de que a xente entra e sae da sala, ninguén se decata da xolda criminal que ten lugar, os curas chegan tarde... Asumamos, pois, a suspensión da incredulidade que debería guiar sempre os nosos pasos nun teatro de ópera e pasemos por alto esta situación, por necesidades do guión. Certamente, non hai nada máis intrinsecamente siciliano que ese título; só falta alguén comendo *cannoli* para rematar o cadro. Por certo, xa tivemos antes unha primeira referencia na narración, cando Vincent Mancini morde a orella do seu inimigo, Joey Zasa.



A nosa función ten lugar o 14 de abril de 1979, que non é o día en que morreu Xoán Paulo I. Momentaneamente ocultado polo asasino Mosca, podemos ver o cartel onde figuran os nomes de catro dos cantantes, todos eles falsos. Franc d'Ambrosio achega físico e voz a Anthony Corleone, antes de embarcarse nunha exitosa carreira como o protagonista de *A pantofo da ópera*. A verdadeira voz operística é a de Paolo Gavanelli, que encarna vocalmente a Alfio, mentres escenicamente é Angelo Romero o que lle dá corpo. A dirección de escena, clásica excepto na case delirante procesión, correu a cargo de Giuseppe di Tommasi. Como director da orquestra, noutro dos seus momentos de nepotismo habituais, Coppola escolleu ao seu tío Anton. Non hai que pasar por alto, ademais, que os títulos de crédito conteñen un agradecemento especial a Franco Zeffirelli.

Obviamente, non toda *Cavalleria Rusticana* soa en O Padriño III. O seu preludio acompáñanos ao entrar no Teatro Massimo e así a ópera arrinca directamente coa Siciliana, para a cal Anthony necesita valerse da partitura... Encadeamos directamente coa entrada de Alfio, mentres Al Neri e a súa caixa de variado Cuétara viaxan cara ao Vaticano, e vemos fugazmente a Lola pasear por escena, antes de que Turiddu entoe o seu canto ao viño. Por certo, que o único que parece coñecer a ópera é don Altobello, que axita furiosamente as mans, como esta ópera merece para un temperamental siciliano.

Vén entón o salto atrás á procesión, que aparece postergada á súa aparición na ópera. Coppola recréase aquí nunha evocación do tenebrismo siciliano de Semana Santa, coa aparición de encapuchados, imitacións da morte, un conmovedor veo negro que cobre o crucifixo e a aparición final do Redentor resucitado.

O último que veremos é o propio final da ópera, como Turiddu termina o “Addio”, antes de que oíamos as fatais liñas de peche. E aquí entra o xogo dos espellos. Na tremenda escena das escaleiras, onde o marabillioso “Intermezzo” soa bañando de paz e beleza a traxedia familiar, atopamos a desgarrada repetición desas liñas, agora xa dedicadas a Mary; vemos a Connie cubrir a cabeza cun veo negro, da mesma maneira en que o facía Santuzza; e por último vemos o final reflectido, o pai que sostén a súa filla morta.

O Padriño III é unha declaración de amor, en definitiva, de Coppola pola obra de Mascagni. A demostración de que un xenio, mesmo cando non está no seu mellor momento, pode producir momentos dourados. E a afirmación da forza dramática de *Cavalleria Rusticana*, imbricada no tapiz da narración da saga dos Corleone como un fío do máis valioso ouro.

Podería contarlles moito máis sobre *Pagliacci* e os mafiosos. Pero o espazo concedido termina-se. Lembren que Robert de Niro, na pel de Al Capone, vai vela en *Os Intocables de Elliot Ness* e chora moito con “Vesti la giubba”. E como dixo Kipling, iso é xa outra historia.



**MARIA LUISA CORBACHO (MEZZOSOPRANO)
SANTUZZA**

Esta moza mallorquina comeza a súa formación artística no Teatre Principal de Palma. Desde 2001 recibe clases do mestre F. Lázaro. Asiste paralelamente a diversos cursos ofrecidos por S. Orfila, B. Giaiotti, E. Giménez, L. Climent, R. Giménez, A. M.^a Sánchez, E. Fiorillo, V. Cortes, G. Bumbry e N. Gravilan.

En 2009 ingresa no Centro de Perfeccionamento “Plácido Domingo” do Palau de les Arts Reina Sofía de Valencia dirixido polo Mestre A. Zedda, e recibe clases dos prestixiosos mestres J. M. Pérez-Sierra, E. Lloris, A. L. Chova, K. Sallmann, C. Santoro, R. Vignoles, J. Dients Bladin etc.

Traballou baixo as batutas dos mestres Voronkoff, Z. Metha, V. Gergiev, L. Maazel, T. Pons, Ros Marbà, J. M.^a Moreno, E. Orciuolo, I. Metzmacher, J. M. Pérez-Sierra, E. García Asensio, O. Meir Wellber, G. Marcianò, O. Díaz, P. Halffter; escenicamente cos mestres: H. Brodchaus, G. C. del Monaco, coa Fura dels Baus, Ll. Pascual, E. Sagi, A. Romero, I. García, F. López, G. Deflo...



Cantou, entre outros, os seguintes roles: *Schwertleite (Die Walküre)* de Wagner, *Hécuba (Les Troyens)* de Berlioz, *Santuzza e Mamma Lucia (Cavalleria Rusticana)* de Mascagni, *Avoa (Vida Breve)* de Falla, *Marta e Pantis (Mefistofele)* de Boito, *Anna (Maror)* de Palau; *Zia Principessa, Abadesa e Zitta (Suor Angelica e Gianni Schicchi)*, *Suzuki (Madame Butterfly)* de Puccini, *Azucena (Il Trovatore)*, *Amneris (Aida)*, *Annina (La Traviata)*, *Fenena (Nabucco)*, *Quickly (Falstaff)*, *Emilia (Otello)*, *Maddalena (Rigoletto)* de Verdi; en oratorio: *Requiem e Misa de Coroación* de Mozart, *Mesías* de Händel, *Stabat Mater* de Pergolesi, *Novena sinfonía* de Beethoven, *Requiem* de Verdi, en teatros como o Teatro Real de Madrid, La Maestranza de Sevilla, Campoamor de Oviedo, Staatstheater Cottbus, Eskalduna de Bilbao, Baluarte de Pamplona, Cervantes de Málaga, La Farándula de Sabadell, Teatre Principal de Palma de Mallorca e outros.



VIRGINIA WAGNER (SOPRANO)
LOLA/NEDDA

Nace en Buenos Aires e estuda canto e piano no conservatorio Provincial de Morón, no Instituto Superior de Arte do Teatro Colón de Buenos Aires e na Escola Superior de Música “Reina Sofía” de Madrid cos mestres Manuel Cid e Tom Krause. Participa en clases maxistras con Teresa Berganza, Magda Olivero e Sarah Walker entre outras.

Gañadora de numerosos concursos como o Concurso “María Callas, novas voces verdianas”, Cidade de Logroño, Francisco Alonso, Jaume Aragall, Città di Alcamo, Renata Tebaldi (San Marino) e Ningbo (China) entre outros.

No Teatro Colón de Buenos Aires actúa habitualmente: Manon (J. Massenet), Micaela (*Carmen*, G. Bizet), Suor Angelica (G. Puccini), Amelia (*Simon Boccanegra*, G. Verdi), Donna Anna (*Don Giovanni*, W. A. Mozart), Alice Ford (*Falstaff*, G. Verdi) e *Die Zauberflöte* (W.A. Mozart); tamén en Buenos Aires no Teatro Avenida: Rosalinde en *Die Fledermauss* (J. Strauss), Donna Anna en *Don Giovanni*, Leila en *Les Pêcheurs de Perles* de (G. Bizet) e o rol protagonista de Adriana Lecouvreur (F. Cilea).



En Europa destacan a súa presentación como Mimi en *La Bohème* (G. Puccini) no Teatro Real de Madrid; *Norma* (V. Bellini), *La Traviata* (G. Verdi) e *Les Pêcheurs de Perles* na Ópera Nacional de Tallin (Estonia); *Madame Butterfly* (G. Puccini) nos teatros do circuíto Lombardo en Italia e na cidade de Alacante; Leila no Teatro Verdi de Trieste e Filarmónico de Verona; Liù en *Turandot* (G. Puccini) no Teatro Comunal de Bolonia; Micaela na Fenice (Venecia); *Il Tabarro* (G. Puccini) en Menorca; Lauretta en *Gianni Schicchi* (G. Puccini) e Micaela na Ópera de Tenerife; Musetta (G. Puccini) no Festival Puccini de Torre do Lago xunto ao tenor Ramón Vargas e no Teatro Cervantes de Málaga; *La Tempranica* no Teatro da Zarzuela de Madrid baixo a dirección do maestro Frübeck de Burgos; así como concertos en Santander, Gran Canaria, Tenerife, Lanzarote, Xaén, Oviedo, Pamplona, Menorca, Mallorca, Palermo, Roma, Selecta, Washington, Bruxelas etc.

Actualmente é profesora da cátedra de canto do Centro Superior de Ensino Musical Katarina Gurska en Madrid e da Escola Coral de Madrid.

Recentemente presentouse como solista na produción de *Monumental Opera* en Francia e como Tosca (G. Puccini) xunto ao tenor Luís Lima en Buenos Aires.

JAVIER PALACIOS (TENOR)
TURIDDU

Nacido en Valencia (España), comeza os seus estudos musicais na escolanía Nuestra Señora Virgen de los Desamparados de Valencia, frecuentando posteriormente cursos de perfeccionamento con Leyla Gencer, Renata Scotto e Montserrat Caballé.

Gañou algúns concursos internacionais como AS.LI.CO de Milán (Italia), “Manuel Ausensi” Liceu Barcelona, “Pedro Lavirgen” Córdoba, “Concurso Internacional Cidade de Logroño”, “Concurso Internacional de canto de Bilbao”, “Concurso Luis Mariano” Irún, Marmande (Francia) etc.

Comezou a súa traxectoria operística cantando en teatros como: Teatro Donizetti de Bergamo

con *L’elisir d’amore*, Nemorino; cantando posteriormente Lucia, Edgardo; *Roberto Devereux*, Roberto; *Rigoletto*, Duca di Mantova; *Nabucco*, Ismaele; *La Traviata*, Alfredo; *Requiem* de Verdi; *Madame Butterfly*, Pinkerton; *Tosca*, Cavaradossi; *Messa di gloria*; *Carmen*, don José; *Cavalleria Rusticana*, Turiddu etc.

Cantou en teatros de todo o mundo destacando entre outros: La Fenice de Venecia, Ópera de Zúric, Teatro Liceu Barcelona, A Coruña, Toquio, México, Teatro La Maestranza de Sevilla, Erodio de Atenas, Estocolmo, Ópera de Montecarlo, Ópera de Niza, Saint Etienne, Cagliari, Palau de les Arts Valencia, A.B.A.O Bilbao, Leipzig, Toulon, Tel-Aviv, Seúl, Gent, Sant Gallen, Teatro Municipal Santiago de Chile, Teatro Teresa

Carreño de Caracas, Teatro Campoamor de Oviedo, Opera de Tenerife, Teatro de la Zarzuela de Madrid etc.

Baixo a dirección de mestres como: Zubin Mehta, Frederic Chaslin, Frübeck de Burgos, Janos Acs, Pedro Halffter, Mauricio Benini, Antonino Fogliani, Paolo Arrivabeni, Ralph Weiker, Renato Palumbo, Paolo Tolomelli, Antonelo Allemandi, Plácido Domingo, José Collado, Miguel Ángel Gómez Martínez, etc.

Compartiu escenario con artistas da talla de: Ainhoa Arteta, Juan Pons, Plácido Domingo, Giovanna Casolla ou Montserrat Caballé, coa cal realizou unha xira por países de todo o mundo, cantou nos escenarios máis prestixiosos e colaborou co selo discográfico BMG, no disco *Con todo mi corazón*.

As súas actuacións máis recentes foron Tonet da ópera *Maror* no Palau de les Arts de Valencia e don José de *Carmen* no Teatro da Zarzuela de Madrid.

Entre os seus próximos compromisos destacan: concerto de música Española coa Hamburguer Symphoniker en Hamburgo, *Nabucco* en Barcelona, *La del soto del parral* no Teatro de la Zarzuela de Madrid ou, *Butterfly* en México, *Lucia* e *La Bohème* en Bonn.





Sentir común

Un banco é importante
cando consegue
que o mais importante
para unha persoa,
non sexa o banco.

**EDUARDO SANDOVAL (TENOR)
CANIO**

Nace en Molina de Segura (Murcia). Realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior “Joaquín Rodrigo de Valencia”, onde é discípulo de Ana Luisa Chova. Asiste e participa nos cursos de perfeccionamento de Elena Obratsova, Magda Olivero, Alain Fondari, Vladimir Galouzine, Miguel Zanetti e José Cervera Collado, así como a xornadas de preparación de repertorio con Lorenzo Petri.

Debuta co papel principal de *Les contes d'Hoffmann* nos Talleres de Ópera do Palau da Música de Valencia, dirixido por Kamal Khan. Posteriormente desenvolve a carreira vocal actuando nas seguintes óperas: *Manon Lescaut* (Lampionaio), *Tosca* (Spoletta), *Don Carlo* (Lerma e Heraldo), *Tristán e Isolda* (Melot), *Julio César* (Nireno). Os roles principais máis destacables son Tamino en *Die Zauberflöte*, Ferrando en *Così fan tutte*, L' amante en *Amelia al ballo*, Rei Gaspar en *Amalh* e os *Reis Magos*, Rodolfo en *La Bohème* e Paco en *La vida breve*. A ampliación e evolución que experimenta o repertorio de Eduardo Sandoval, posibilita que en 2012 consolide a tesitura tenor *spinto*, destacando como Manrico no debut de *Il trovatore* representado en Zaragoza baixo a dirección de Juan Luís Martínez, papel que posteriormente interpreta regularmente en numerosos teatros e auditorios da xeografía española. Outras actuacións relevantes na súa carreira son Calaf no *Turandot* de Palma de Mallorca con gran éxito de público e crítica, dirixido por José María Moreno e o papel principal de *Otello* de Verdi en Porto-Alegre (Brasil).



Traballa ao longo da súa carreira cos directores Gómez Martínez, Christian Badea, José Collado, Miguel Ortega, Enrique García Asensio, José Ramón Tébar, Cristóbal Soler, Adrián Leaper, Dimitri Loss, Lazlo Heltay, Juan Luís Martínez, José María Moreno, Santiago Serrate, José Miguel Pérez-Sierra e Tulio Galiardo.

As súas incursións máis relevantes no campo do oratorio son *O Mesías* de Haendel con Lazlo Heltay, o *Réquiem* de Mozart e *O Canto dos bosques* de Shostakovich dirixido por Cristóbal Soler no Palau da Música de Valencia. Entre as obras sinfónicas, destacan *De profundis* de A. Blanquer con Adrián Leaper e *As campás* de Rachmaninoff coa Orquestra de RTVE.

Colabora con regularidade en numerosas producións de zarzuela, xénero que domina con comodidade. As interpretacións máis destacables son: Javier en *Luisa Fernanda*, Leandro en *La Tabernera del puerto*, Roberto en *Bohemios* e Rafael de *La Dolorosa*, sendo esta última a obra que máis interpretou nos distintos festivais de verán, como Sangunto e Simat da Valldigna entre outros. Ademais de cantar *El rey que rabió*, *Gigantes y cabezudos* e *La revoltosa* participou activamente nas reestreas e gravacións de *Rosario la cortijera* e *El Duque de Gandía* de Chapí.

Nesta tempada cantará Canio en *Pagliacci* no Teatro Cervantes de Málaga e Calaf de *Turandot* na tempada de Ópera de Sabadell.

RODRIGO ESTEVES (BARÍTONO)
ALTIO/TONIO

Hispano-brasileiro nado en Río de Janeiro. Actuou baixo as batutas de John Neschling, Kamal Khan, Víctor Derenzy, Stefano Ranzani, Peter Guth, Jorge Rubio, Miguel Ángel Gómez Martínez, Helena Herrera, Mario Perusso, Silvio Barbato, Antoni Ros Marbá, Enrique Ricci, Alain Lombard, Alain Guingal, Marcello Panni, Adrian Leaper, Lorin Maazel, Patrick Fournillier, Ira Levin etc.

Participou en clases de interpretación con Alfredo Colósimo (Brasil), Antonio Brancas (España), Raina Kabainvanska e Renato Bruson (Italia).

En 1998 debutou como Schaunard de *La Bohème* no Teatro da Zarzuela de Madrid. En 1999 canta Alfonso XI de *La Favorita* en Pamplona. No 2000 fixo o seu debut no Teatro Colón de Buenos Aires no papel de Silvio na ópera *Pagliacci*, con gran éxito de crítica e público e no 2001 no Teatro Municipal de Río de Janeiro como Germont na ópera *La Traviata*. En 2002 cantou Mercutio na ópera *Romeo et Julliette*, en Jerez de la Frontera, con Ainhoa Arteta no papel de Julliette. En 2003 actuou no “VII Festival de Opera do Amazonas”, Brasil, como Dandini de *La Cenerentola*, como Germont de *La Traviata* e o Conte d’Almaviva de *Le Nozze di Figaro* en Spoleto (Italia). Interpretou *Carmina Burana* en Madrid, e o Conte de *Le Nozze di Figaro* nunha xira por Xapón. En xaneiro de 2004 actuou en Toquio, Osaka, Nagoya, en *La Traviata* como Germont. Tamén en 2004 interpretou o Rodrigo na montaxe de *Don Carlo* en São Paulo, Brasil e Marcello de *La Bohème* en Spoleto, Italia. No 2005 interpreta Valentin de *Faust* en São Paulo e *Macbeth* en Río de Janeiro. Participou en Guanajuato e Guadalajara, México, na estrea mundial da obra *Un Ingenioso Hidalgo* en América de Luís Bacalov, gañador dun Óscar pola banda sonora da película *O Carteiro de Pablo Neruda*. No ano de 2006 destaca o Ford de *Falstaff* en Busseto e o Masetto de *Don Giovanni* en Treviso, Italia. Lanza o seu primeiro cd con cancións de Falla, Ravel, Villalobos e outros, tamén colabora coa Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo, na gravación do *Requiem Ebraico* de Eric Zeisl, baixo a dirección de John Neschling. En 2008 debuta como Renato en *Ballo in Maschera* en Messina, Italia. Tamén *Carmina Burana* de Orff e *Die Tote Stadt* de Erich Korngold en São Paulo e *La Bohème* en Río de Janeiro. En decembro de 2008, no Palau de les Arts, actúa como cover de Plácido Domingo no papel de Oreste da ópera *Ephigenie en Tauride*, en Valencia. En 2009 participa como Belcore no *L’Elisir d’Amore*, Jerez de la Frontera; *Cavalleria Rusticana* e *Pagliacci*, Cagliari (Italia); *Der Rosenkavalier*, São Paulo e recibe o Premio Carlos Gomes de Ópera e Música Erudita en Brasil, como Mellor Cantante Solista. En 2010 canta *A Sinfonía Mariña* de Williams coa Orquestra da Radio Televisión Española, *Nabucco* e *Il Trovatore* en Río de Janeiro. En 2013 participa en *La Bohème* no Teatro Cervantes de Málaga. En 2014 interpreta *Falstaff* e *Otello* no Teatro Municipal de São Paulo, con Gregory Kunde e Lana Kos, baixo a dirección escénica de Giancarlo del Mónaco. En 2015 fai o seu debut na Arena de Verona coa ópera *Tosca* interpretando o rol de Scarpia e volve ao Teatro Municipal de Río de Janeiro para o Fígaro de *Le nozze di Figaro*. Entre as súas próximas actuacións destaca *Attila* e *Carmen* en Palermo e *Cavalleria Rusticana* e *Pagliacci* en Jerez de la Frontera.



BORJA QUIZA (BARÍTONO)
PRÓLOGO/SILVIO

Barítono lírico nado en Ortigueira (A Coruña) en 1982. Estudou canto nos seus inicios con Teresa Novoa, M.^a Dolores Travesedo e Renata Scotto para logo perfeccionar e manter a súa técnica co tenor arxentino Daniel Muñoz. Recibiu o premio Ópera Actual ao mellor cantante lírico novo en 2009 e o premio ao mellor cantante de zarzuela dos prestixiosos premios líricos Teatro Campoamor de Oviedo no ano 2010. En 2009 estréase tamén a película *Io, Don Giovanni* de Carlos Saura na que interpreta o papel de don Giovanni.

Actuou nos principais teatros españois: Real de Madrid, Liceu de Barcelona, Palau de les Arts de Valencia, Festival de Amigos da Ópera e Festival Mozart da Coruña, Arriaga e Euskalduna de Bilbao, Pérez Galdós das Palmas, Gayarre e Baluarte de Pamplona, Auditorio Nacional, Campoamor de Oviedo, Jovellanos de Xixón, Calderón de Valladolid, Palacio de Festivais de Santander, Villamarta de Xerez, Buero Vallejo de Guadalajara, Teatros del Canal de Madrid, Guimerá de Tenerife etc; e internacionais: La Fenice di Venezia, Carlo Felice di Genova, Comunale di Bologna, Maggio Musicale Fiorentino, Reate Festival di Rieti, Accademia Nazionale di Santa Cecilia di Roma, Auditorium di Milano, Luciano Pavarotti di Módena, Vespasiano di Reggio Emilia, New Israeli Opera de Tel-Aviv, Festival Belcanto de Knowlton (Montreal), Ópera de Colombia etc.



Entre os directores de orquestra cos que traballou destacan Jurowsky, López Cobos, Nagano, Petrenko, Zedda, Grazioli, Carminati, Montanaro, Allemandi, Ortega, Malheiro, Pehlivanian, Manacorda, Rizzari, Encinar, Giménez Carreras etc. Tamén participou nas producións dos seguintes directores de escena: Martone, Michieletto, Font, Abbado, Sagi, Grinda, Pasqual, Tambascio, Homoki, Dalla etc.

No seu repertorio operístico destaca Figaro de *Il Barbiere dei Siviglia*, Conte di Almaviva de *Le Nozze di Figaro*, Guglielmo de *Così fan Tutte*, Don Giovanni de *Don Giovanni*, Papageno de *Die Zauberflöte*, Dandini de *La Cenerentola*, Belcore de *L'Elisir d'Amore*, Dottore Malatesta de *Don Pasquale*, Enrico de *Il Campanello*, Marcello de *La Bohème*, Sharpless de *Madama Butterfly*, Zurga de *Les Pêcheurs de Perles*, Mercutio de *Romeo et Juliette*, Pelleas de *Pelleas et Melisande*, Ramiro de *L'Heure Espagnole*, etc.

En Zarzuela cantou *La Verbena de la Paloma*, *La Revoltosa*, *El Barberillo de Lavapiés*, *La del Manojó de Rosas*, *La Viejecita*, *La Viuda Alegre*, *La Canción del Olvido*, *La Corte de Faraón*, etc. Realizou tamén unha ampla actividade concertística destacando obras como os *Rückertlieder* de Mahler, a *Misa da Coroación* e o *Requiem* de Mozart, *Carmina Burana* de Orff, *A Paixón segundo San Mateo* de Bach, *Messa di Gloria* de Puccini etc.

Á súa curta idade, Borja Quiza converteuse nunha das figuras emerxentes da lírica internacional grazas ao seu profundo estudo da técnica e a interpretación canora.




JAVIER AGULLÓ (TENOR)
BEPPE

Nacido en Elxe. Estudou con Elena Obraztsova, José Antonio Román, Jaume Aragall, José Cuellar, Isabel Penagos, José María Pérez, Nunzio Todisco, José Sempere...

Como solista de oratorio cantou o *Requiem* de Mozart, a *Misa de Coroación* de Mozart, *O Magnificat* de Bach, *Misa Criolla* de Ariel Ramírez, *Novena sinfonía* de Beethoven, *A Creación* de Haydn coa Orquestra Filarmónica de Andalucía; *Te deum* de Bizet na II Semana de Música Relixiosa de Valencia, *Hodie* de Vaughan Williams, *Los Ángeles* de Ruperto Chapí e a *Fantasia Choral op. 80* de Beethoven dirixida por Lorin Maazel no Palau de les Arts.

En 2000 debuta na zarzuela *Luisa Fernanda* no papel de Javier e na ópera Gianni Schicchi (Rinuccio) dentro do Festival Puccini (Valencia 1999-2001) celebrado no Palau da Música de Valencia.

Canta *El barberillo de Lavapiés* (don Luís) na Wiener Kammeroper dirixido por José Fabra, *María del Carmen* de Granados (Javier) no Auditorio de Murcia baixo a dirección de Max Bragado, *Lucia de Lammermoor* (Edgardo) nunha produción de Els amics de l'opera de Sabadell dirixido por Alberto Argudo, *Otello* de Verdi (Casio) nunha produción para os Veranos de la Villa de Madrid e *Così fan tutte* (Ferrando) de Mozart dirixidas por Pascual Ousa, *El retablo de Maese Pedro* de Manuel de Falla no Teatro Principal de Alacante, *Le Villi* (Roberto) en Calvia, nunha produción dirixida musicalmente por Francesc Bonnin. Realizou o seu debut en *Madama Butterfly* (Pinkerton) no Ondaatje Theater da RGA e no Cannizarro Park de Londres coa European Chamber Orchestra dirixida por Emmanuel Siffert. Debutou no Palau de les Arts con *Fidelio* (Erster Gefangener) dirixido por Zubin Mehta, cantou *Die Fledermaus* (Alfred) no Auditorio Nacional, *La Traviata* (Alfredo), *Norma* (Pollione), *La Bohème* (Rodolfo) e *Nabuco* (Ismaelle) coa orquestra e coro da ópera de Donetsk (Ucraina) por toda a xeografía española. Cantou *El poeta calculista* de Manuel García no Teatro degli illuminati de Città di Castello (Italia) dentro do 40.º Festival delle Nazioni e dirixida por Juan de Udaeta, *Le dernier jour d'un condamné* xunto a Roberto Alagna no Palau de les Arts, *El dúo de la africana* no Teatro Principal de Castelló e no Festival Sagunt a escena 2008, *Don Carlo* (Araldo e Conde de Lerma) dirixido por Lorin Maazel, *Turandot* (Altoum) dirixida por Zubin Mehta ambas no Palau de les Arts, *Rigoletto* (Duca) e *Carmen* (don José) coa Orquestra e coro da ópera de Donetsk dirixido por Sergio Alapont e Viktor Lemko respectivamente. *Thais* (Nicias) *Tosca* (Cavaradossi) e *Otello* (Cassio) na Ópera de Bangkok dirixido por Somtow Sucharitkul, *Les Troyens* (Helenus/Iopas) de Berlioz no Palau de Les Arts dirixido por Valery Gergiev, *Aida* (Messagero) dirixida por Lorin Maazel, *La Bohème* (Rodolfo) no Teatro Colón de Buenos Aires dirixido por Stefano Ranzani, *La Dolores* (Lázaro) no Auditorio Nacional, *Les contes d'Hoffmann* (Hoffman) e *Tosca* (Cavaradossi) nunha producións de Els amics de l'opera de Sabadell, *Mefistófeles* (Wagner) dirixida por Nicola Luisotti e novamente *Fidelio* (Erster Gefangener) dirixido por Zubin Mehta. Recentemente cantou *Don Giovanni* (Don Ottavio) no Teatro Municipal de Lima, *La del Soto del Parral* (Miguel), o concerto clausura das Xornadas de Zarzuela organizadas pola Fundación Guerrero, *La Bohème* (Rodolfo) no Teatro Cervantes de Málaga, *Das Lied von der Erde* en Bangkok dirixido por Somtow Sucharitkul, *La Rondine* (Ruggero), *Requiem* de Verdi no Auditorio Nacional e *Carmen* (don José) en Washington dirixido por Gregory Buchalter.



MILAGROS MARTÍN (SOPRANO)
MAMMA LUCIA

É unha das intérpretes españolas de zarzuela que goza de maior experiencia e prestixio.

No Teatro Nacional da Zarzuela protagonizou: *El Dúo de la Africana*, *La Chulapona*, *La del Manojito de Rosas*, *La Gran Vía*, *El Barberillo de Lavapiés*, *Luisa Fernanda*, *El Juramento*, *La Bruja*, *Los Sobrinos del Capitán Grant*, *Los Gavilanes*, *La Revoltosa* e outros innumerables títulos.

Participou na estrea das obras *La Señora Capitana* de Tomás Barrera e *La Tarasca* de Martín Pompey así como na gravación da estrea de *El centro de la Tierra* de E. Fernandez Arbós coa Orquestra Sinfónica de Madrid.

Cantou A dona de R. Gerhard e *Jenufa* de Janacek no Teatro Nacional da Zarzuela, *Nabucco* e *Rigoletto* en Palma e *Il barbiere di Siviglia* en Bilbao. En 1992 cantou na Gala de Reyes con Plácido Domingo como director e en 1994 inaugurou o Festival de Outono de Madrid cun concerto no Auditorio Nacional.

Protagonizou *La del Manojito de Rosas* na Ópera de Roma e no Teatro Odeón de París; *La Chulapona* na Ópera Cómica de París, *Luisa Fernanda* no Teatro das Belas Artes de México, *El Gato Montés* na Ópera de Washington e *Dona Francisquita* en Suíza.

En 1990 participou na reapertura do Teatro Avenida de Buenos Aires. Cantou en concerto xunto a Victoria de los Ángeles na Ópera Cómica de París e protagonizou *Carmen* na Semana musical de Ávila e en Francia, Turquía e Colombia.

Está en posesión dos premios Federico Romero da SGAE e da AIE así como recentemente do Premio Lírico Teatro Campoamor de Oviedo á mellor cantante de Zarzuela.

Protagonizou *La vida breve* no Teatro Real de Madrid, colabora regularmente nas tempadas de zarzuela en Bogotá, dentro do intercambio Cultural entre o INAEM e o festival lírico desta cidade. Desde hai 7 anos colabora na tempada lírica producida pola Asociación Romanza de Lima.

En 2010 interpretou La Beltrana de *Doña Francisquita* no Liceu e na Maestranza. Na tempada do 2012 no teatro Nacional da Zarzuela participou nas producións de *El Gato Montés* e de *La Vida Breve*. Colabora asiduamente nos Veranos de la Villa con distintas producións e traballou ás ordes dos mellores directores musicais e escénicos do país, así como nos mellores teatros. Na tempada 2014/15 do Teatro Nacional da Zarzuela interpreta o rol de D.^a Angustias en *Curro Vargas*; participou na estrea mundial da ópera contemporánea *O Xuíz* do compositor austríaco Christian Kolonovits no teatro Arriaga de Bilbao.

É a protagonista do espectáculo *ZARZUELA! The Spanish Musical*, unha coprodución do Auditorio Baluarte de Pamplona e o Teatro Calderón de Valladolid presentada por Producing Emotions.



MARCO CARINITI (DIRECTOR DE ESCENA)

Nacido en Milán. A súa formación parte da danza, pasa pola actuación e chega á dirección teatral e lírica. Realiza os seus estudos na UCLA dos Ánxeles onde estuda con J. Grotowsky e B. Wilson. A súa formación teatral complétase como axudante de dirección de Giorgio Strehler no Piccolo Teatro de Milán nas seguintes producións: *A ópera dos tres centavos*, *Elvira ou a paixón teatral*, *Como ti me desexas*, *Arlecchino*, *servidor de dous anos*, *Fausto I e Fausto II*, *Falstaff* e *Don Giovanni*. Posteriormente traballa nos mellores teatros de Europa e internacionais con algún dos máis prestixiosos directores de escena: Robert Wilson, Lluís Pasqual, Giancarlo del Monaco, Maurizio Scaparro, Elijah Mosinsky, Pet Halmen e Gilbert Deflo. Foi o responsable artístico de “Progetto giovani” do Teatro Eliseo de Roma onde dirixiu e formou unha nova compañía de actores.

A súa primeira película *Sleeping Around* gañou seis premios no Festival Internacional de Cinema de Eivissa de 2088 incluíndo mellor película e mellor director.



Durante anos viviu e traballou en España colaborando artisticamente en proxectos de teatro, ópera e cinema para o Teatre Lliure, o Gran Teatre del Liceu de Barcelona e o Teatro Real de Madrid, entre outros. Recentemente dirixiu para o Teatro Arriaga de Bilbao *Os namorados* de C. Goldoni (Premio Ercilla 2013 á mellor Producción Vasca de Teatro), *La Clemenza di Tito* (Teatro Real e Teatro Calderón de Valladolid) *Como gustedes* de W. Shakespeare (Centro Dramático Nacional de Madrid) . En teatro entre outros dirixiu textos clásicos como *Othello*, *Ricardo III*, *Traballos de amor perdidos* e *A fereciña domada* de Shakespeare, *Sappho* de Grillparzer, *Don Quixote* de Cervantes, *A longa noite* de Medea de C. Alvaro, *O Principiño* de Saint-Exupéry, *O Corsario* de Bocaccio, tamén autores contemporáneos con textos de gran impacto social como a guerra de Iraq e a tortura en Abu Graib con *Palacio do Fin* de J. Thomson no Piccolo Teatro de Milán e en Madrid; as lapidacións de mulleres en África e nenos soldados con *Lapidando a María* de D. Turker Green en Madrid con Verónica Forqué, Juan Diego Botto e María Valverde no elenco de actores; o autismo en *Spoonface* de Le Hall; a guerra de Afganistán en *Homebody/Cabul* de Tony Kushner con Anna Galiena como protagonista; o malestar nos tempos modernos con *Psico-ses 4.48* de Sarah Kane e *Sleeping Around* de Mark Ravenhill; a guerra de Chechenia en *Chaos debut* de V. Olmi; o racismo en *Dutchman* de Lee Roy James. As súas producións de ópera sempre foron revisadas cunha mirada cara ao contemporáneo como: *La Traviata* de Verdi en Shangai, *La Gazzetta* de Rossini (Festival Rossini de Pesaro) *Nabucco* de Verdi (Ópera de Lausanne), *Il barbiere di Siviglia* de Rossini e *Paisiello* (Ópera de Sassari), *Rigoletto* de Verdi (Ópera de Spoleto), *Werther* de Massenet (Ópera de Sassari, Ópera de Savona, Teatro Rexio de Parma), do dobre programa da *Canterina* de Hynd e *Die Schauspieldirektor* de Mozart (Ópera de Tenerife, Ópera de Lausanne, Teatro Arriaga de Bilbao), *Roméo et Juliette* de Gounod (Ópera de Born-Washington Opera), *Il Giudizio di Paride* de Panni (Opera de Bonn, Opera de Niza, Opera de Narni), *A Duquesa de Chicago* de Kálman (Teatro Verdi de Trieste), *La Clemenza di Tito* de Mozart (Teatro Real de Madrid, Festival Mozart da Coruña) cun importante recoñecemento de crítica e público.



JORGE RUBIO (DIRECTOR MUSICAL)

Alumno e amigo do mestre Sergiu Celibidache durante máis de 30 anos.

Un inmenso repertorio lírico e sinfónico.

Responsable musical das máis relevantes institucións musicais, líricas e de danza de España:

TEATRO DA ZARZUELA DE MADRID, Director musical e da orquestra (9 anos)

ORQUESTRA E CORO NACIONAIS DE ESPAÑA, Director xeral (3 anos)

BALLET NACIONAL DE ESPAÑA, Director musical e da orquestra (5 anos)

FESTIVAL OPERA AS PALMAS, Director artístico (12 anos)

FESTIVAL DE OPERA DE TENERIFE, Director artístico e director de produción (4 anos)

ORQUESTRA SINFÓNICA DE MADRID, Responsable da súa recreación.

DIRECTOR ARTÍSTICO E CREADOR, Festivais de zarzuela: Oviedo, As Palmas e Tenerife.

Primeiro director de orquestra español en dirixir no Teatro Bolshoi de Moscova (Tosca, 1989). Dirixiu case todas as orquestras e festivais de ópera españois.

Varios dos máis importantes conxuntos europeos: Dresden Philharmonic, London Symphony Orchestra, Barbican Centre e Royal Festival Hall (London), St. Petersburg Philharmonic, Philharmonia Hungarica, Bucharest Philharmonic, Kiev Philharmonic, Odessa Opera Orchestra, Russian Radio TV e moitas outras.

En teatros de ópera como: Melbourne (Australia), Niza (Francia), Atenas (Grecia), Bonn (Alemaña), Bergen (Noruega), Washington (EUA) etc.


Concertos líricos con: Mirella Freni, Renata Scottò, José Carreras, Jaime Aragall, Alfredo Kraus, Pedro Lavirgen, Aquiles Machado, Carlos Álvarez e Jorge de León entre outros.

Debutaron xunto a el algúns dos máis relevantes cantantes líricos españois dos últimos 30 anos: Jorge de León, Carlos Álvarez, Celso Albelo, José Luis Sola, Yolanda Auyanet, José Bros, Pedro Lavirgen, José Sempere etc.

Ampla experiencia en Italia: Operas en Mantova (*Les contes d'Hoffmann* e *Opera de Aran*), Como (*Les contes d'Hoffmann*) e outros moitos "teatri di tradizione". Concertos sinfónicos en: Bari, Lecce, Messina, Festival Mosteiro Sta. Chiara in Napoli, sancristía Borromini (Roma) etc. Anualmente dirixe o Festival de Zarzuela de Tenerife e recentemente dirixiu *La Bohème* no Teatro Cervantes de Málaga.

Cavalleria Rusticana e *Pagliacci* é a súa primeira actuación no Teatro Afundación de Vigo tras dirixir a *Novena sinfonía* de Beethoven no antigo García Barbón.

É o director artístico e musical de *ZARZUELA! The Spanish Musical*, o máis importante espectáculo de zarzuela da escena mundial, producido por PRODUCING EMOTIONS.



ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO '130



Violíns I

Mario Peris / Marta Vélez
Elena Gómez / Andrea Rubio
Aida López / Eduardo Rey
Cibrán Seixo / Celtia López

Violíns II

Estela Rodríguez / Manuel Álvarez
Laura Moure / Sofía Muñiz
Marina Ortiz / Patricia Argüelles

Violas

Ana López / Javier Escobar
Sandra Pérez / Aurora Jiménez

Violoncellos

Lucía Pérez/ Carme Tubio
Beatriz Laborda / Margarita Mariño

Contrabaixos

Raquel Miguélez / José Luís García

Frautas

Julia Estévez / Estefanía Fernández

Órgano

Carlos E. Pérez

Óboes

Román Enrique Álvarez/ Martín Alves

Clarinetes

Andrea Álvarez / Jose Antonio Comesaña

Fagots

Daniel Garrido / Gonzalo Lemos

Trompas

Óscar Davila / Ángela Freiría / Ana Vergara / Iván Abalde.

Trompetas

Adolfo Caride / Diego Iglesias

Trombóns

José Pons / Jesús Vicente / Luciano Martins

Arpa

Alba Barreiro

Percusión

David Rodríguez / Pablo Blanco / David Pumie



CORO UNIVERSITARIO DE VIGO

Teresa Gómez Fernández
 Tina Parcerero Pereira
 Laura Pazos Guerrero
 Elisa Pérez Sobral
 M^a José Collazo Otero
 Marta Sánchez García
 M^a del Sagrario Nieto Núñez
 Margarita Martínez Fernández
 Sofía Oliveira Viñas
 Lena Franke
 Fabiola Vicente Velasco
 Tilde Valladares Rodríguez
 Erika Martínez Sousa
 Maribel Sobral Freire
 Susi Fernández Collazo
 Carmen Rial Fernández
 Sara Arias Freire

Yolanda Iglesias Ramudo
 Begoña Martínez Rodríguez
 M^a Jesús Vázquez González
 Carmen Cividanes González
 Mercedes Alvarez Lorenzo
 M^a del Rosario Loza Leguizamón
 Blanca Staton
 Angeles Catalán Pérez de Lis
 Nuria Mínguez Sangermán
 Rosa María Sobreira Fernández
 Puri Del Palacio Solá
 Isabel Ávila Terzi
 José María Martínez Portela
 Eladio M. Bargiela Durán
 Fernando Devesa Múgica
 Rodrigo Lomba Carrera
 Ramón Pouso Dios

Juan Abalde García
 Alfonso Castro Coello
 Pedro De Castro García
 Ismael Arias Melón
 Manuel F. Cruz
 Pablo Torío Gómez
 Jesús Fernando Pena Gómez
 Óscar Dorado Diz
 José Montemuiño Piñeiro
 Gonzalo Pita Pita
 Fernando Goberna Lorenzo
 Enrique Migliarini
 Patrick Freeman
 Angel Martín Sánchez
 Joaquín Viña
 Cándido Pino Lago



NURIA LORENZO LÓPEZ (DIRECTORA CORO)

Nace en Vigo, Pontevedra, e é licenciada en Canto polo Conservatorio Superior de Música desta cidade. Compaxina estes estudos coas clases maxistras da mezzosoprano Helga Mueller Mollinari en Verona. Diplomada pola Universidade de Santiago de Compostela en Maxisterio por lingua estranxeira (inglés). Obtén o mestrado en Artes Escénicas no ano 2012 pola Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Actualmente está a preparar o doutoramento na Universidade de Vigo.

No ano 2015 Diálogos 90 decide entregarlle a Medalla de Galega Destacada 2014 que recibe de mans do excelentísimo alcalde de Vigo don Abel Caballero en recoñecemento á súa traxectoria profesional. Gañadora do 2.º premio nacional de España no concurso J.J.M.M , 1.º premio de Galicia no concurso Música Xove, 1.º premio á Excelencia Musical na Coruña e o 1.º premio á Interpretación Musical en Vigo, así como finalista de varios concursos internacionais.

Gravou un CD titulado *Lembrándote*, onde interpreta obras de todos os estilos; zarzuela, ópera, lied etc.

A súa carreira profesional divídese en dúas facetas. A de cantante lírica e a de directora coral. No apartado de cantante lírica está a cantar nos mellores teatros de España como poden ser o Liceu de Barcelona, Festival Peralada de Xirona, Palacio Euskalduna de Bilbao, Teatro da Zarzuela de Madrid, Palacio da ópera da Coruña, Palau da música de Valencia, acompañada das voces internacionais máis relevantes do panorama lírico, así como dirixida polos mellores mestres musicais e de escena do mundo.

No apartado da dirección coral; dirixiu diferentes formacións vocais desde 1995. Destacan entre elas:

Coro Universitario de Vigo desde o ano 2006. Este coro, desde hai tres anos, é o encargado de cantar as óperas na tempada lírica de Vigo.

No ano 2012 crea o seu propio proxecto profesional que se chama Coro Gli Appassionati de Vigo co que gañou, neste tempo, sete premios nacionais. O último primeiro premio que gañou con este coro lévaos ao Gran Premio Nacional do próximo ano 2016 e representarán a Galicia.

Coro Ondas do Mar de Vigo de Cesantes

Coro Rosalía de Castro pertencente ao colexio de médicos.

Coro da ONCE de Vigo.

Nos seus próximos proxectos están: no mes de xuño de 2016 cantará na ópera *O holandés errante* de Wagner na tempada de Amigos da Ópera da Coruña e co seu coro Gli Appassionati ese mesmo ano estará a concursar no máis prestixioso dos certames corais de España



SÍGUENOS EN:

A NOSA WEB:

+ info:
www.amigosoperavigo.com



- NOTICIAS
- HEMEROTECA
- HISTÓRICO
- AXENDA
- GALERÍA
- FAICHE SOCIO
- ...

FACEBOOK:

+ info:
www.facebook.com/amigosdelaoperavigo



- NOTICIAS
- EVENTOS
- CONCURSOS
- CRÍTICAS
- NOSA TEMPADA
- SEGUIDORES
-




TWITTER


+ info:
[@amigosoperavigo](https://twitter.com/amigosoperavigo)

YOUTUBE

+ info:
www.youtube.com/user/Amigosdelaoperavigo



- PRESENTACIONES
- CONFERENCIAS
- PREVIOS
- ENSAIOS
- FRAGMENTOS
-



Google +

+ info:
<https://plus.google.com/113515586894631378177>



Amigos
de la Ópera
de Vigo

Nome: _____

DNI: _____

Domicilio _____

Rúa: _____

nº: _____ Piso: _____ Código Postal: _____

Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

DATOS BANCARIOS

Banco ou Caixa: _____

Oficina: _____

Cidade: _____

Estimados señores:

Pola presente, rogo a Vostedes sírvanse atender ata novo aviso, e con cargo á miña Contan esa Entidade que se indica arriba, os recibos anuais que recibirán de "Amigos de la Ópera", relativos á miña cota de Socio.

Data:

Sen outro particular, saúdoos atentamente

Asdo.:

Titular/es da conta: _____

Nº de conta:

| | | | | | | | | | | | | | | | | |

Cota anual: 50,00 €

Cubrir e remitir por correo ao apartado de correos 324 de Vigo ou escanear e enviar a info@amigosoperavigo.com



Somos Ópera

Potenciando a
cultura na nosa terra
Traballando polo futuro



GADIS



Un banco é importante
cando consegue
que o mais importante
para unha persoa,
non sexa o banco.